



## Unha experiencia pastoral na parroquia de Mandiá

---

Carne Solloso Blanco<sup>1</sup>

O que vou contar aquí é unha experiencia coral, pois aféctame na miña vivencia persoal da fe no seo dunha comunidade, mais, tamén, é a da propia comunidade no seu conxunto. Por esa razón vanse escoitar neste relato outros ecos e voces que resoan a traveso de min, ofrecendo unha mirada plural á vez que particular sobre o vivido.

Esta experiencia ten lugar nunha parroquia concreta, Mandiá, que sendo relativamente grande en extensión, non o é tanto en poboación. Situada preto de Ferrol nun antigo señorío, o de Mandiá, ten como párroco a Xaquín Campo Freire dende hai 23 anos. As celebracións son sempre en galego. Nelas participamos persoas de Mandiá, e tamén doutros lugares. Moitas somos mulleres. Hai tamén algúns nenos, a maioría preparando a primeira comunión.

A catequese en Mandiá faise no seo da familia, é dicir, son as familias as que traballan coas nenas e nenos o catecismo correspondente. As principais transmisoras da fe cristiá son as nais, sendo tamén as que traen, en xeral, ás fillas e fillos á misa e, aínda se os traen os pais, son elas as que levan o peso da formación relixiosa dos rapaces. Existe un Consello Parroquial constituído por homes da parroquia que levan conta das obras e conservación que se precisan na igrexa, do cemiterio e de calquera outro asunto relacionado, incluídas as contas.

---

<sup>1</sup> Carne Solloso Blanco é médica coordinadora de urxencias no CHUF. Tamén forma parte do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*.

Mandiá como parroquia esténdese ata Covas, comprendendo Papoi –onde se atopa a capela de San Pedro de Marmancón– na que se celebra misa pola tarde, un domingo de cada tres. En Papoi existe un grupo de mulleres que se xuntan cada mércores. Coordinadas por Xaquín, estudan e reflexionan durante o curso escolar en torno a un libro escollido para esta fin.

Cando, hai dous anos, Xaquín tomou a decisión de ir facer un curso de actualización pastoral a Madrid, as posibilidades de atopar un substituto para o seu labor eran tan incertas como inexistentes. Non se quería pechar a igrexa, como tampouco a comunidade quería deixar de ter celebracións. Foi así como, contando coa colaboración de Xaquín e tendo en conta que se estaba xestando xa o proxecto das Unidades Pastorais (UPA) na Diocese, puxemos mans á obra.

Posto que as UPA forman parte dun Plan Diocesano entendido como parte da renovación que o papa Francisco urxe a levar para poñer en pe unha igrexa misioneira –toda a igrexa universal está chamada a ser unha transformación misioneira, abandonando fronteiras, inercias e costumes para transmitir a alegría do encontro con Cristo, a alegría do Evanxeo– que mellor que iniciar unha nova andaina na nosa parroquia, fomentando esa renovación?

Neste contexto comezamos a falar nun pequeno grupo que naquel momento nos xuntabamos para traballar un tema relacionado co acompañamento. Cando se viu a inevitabilidade de quedar sen cura, e ante a situación actual que vivimos: media de idade moi elevada entre os sacerdotes, falla de vocacións, diminución do número de asistentes ás misas, misas *exprés* con curas estresados a carreiras polas estradas para cumprir horarios... Empezouse a estudar a posibilidade de facer celebracións da Palabra levadas pola propia comunidade tendo na distancia a orientación de Xaquín e, máis preto, o apoio ocasional dalgún párroco para poder facer os enterros e celebrar os sacramentos. Desá posibilidade inicial, chea de incertezas, fomos pasando a un espazo de reflexión sobre como se podía levar isto á práctica cada domingo, e como

compartilo co resto da comunidade para convertela nunha realidade. Finalmente programouse unha xuntanza xeral para escoitar o que pensaban as freguesas.

Non descubro nada novo se digo que calquera cambio atopa dificultades. Pecamos de pouca confianza en nós mesmas á hora de afrontar retos, máis se cabe cando se trata de temas relativos á Igrexa. Levamos o peso dun excesivo clericalismo que vén de lonxe e que nos infundiu falla de seguridade nas posibilidades e competencias propias. Por suposto, isto multiplícase por moito no que atinxe ás mulleres que sempre se ocuparon dos labores menos valorados e pouco da xestión, organización ou liturxia. O que se deu naquela primeira xuntanza en Mandiá, para tratar deste futuro cambio, foi o froito desas inseguridades e inercias, da idea de que sen consagración a misa ía ser coma un sucedáneo, de que non se podía celebrar de xeito adecuado sen un cura presidindo. Aínda escoitándose voces que falaban de intentalo e non deixar pasar a oportunidade, a situación non se mostraba todo o favorable que sería de desexar. Tivo que pasar un chisquiño de tempo para que fósemos capaces de arrancar co novo proxecto, tomando conciencia de que se non se facía quedaría botar o peche á igrexa e perder a comunidade. Unha das pegas engadidas foi que algúns dos que formamos parte do grupo non residimos na parroquia, logo había certa prevención a que se puidese soste a continuidade no tempo. Tanto a título persoal como no nome das que están colaborando nesta andaina, hei dicir que sempre me sentín/nos sentimos ben aceptadas na parroquia, de xeito que me gusta considerarme unha filla adoptada pola freguesía de Mandiá, á que tanto lle debo na vivencia da fe e polo que me sinto agradecida.

Comezamos así a preparar a celebración, sendo levada inicialmente por Zoraida Rodríguez Bustabad. A súa elección tivo que ver con moitos factores. Amén da súa capacidade e implicación na parroquia, había outros, como o vivir preto de Mandiá, estar nunha situación de prexubilación que lle permitía dedicar certo tempo a tarefas coma a catequese, a súa formación e experiencia como pedagoga centrada no eido da educación e, por descontado,

a conciencia de ser muller nunha igrexa que non dá o paso de considerarnos en pé de igualdade.

A idea era ir rotando cada certo tempo para asegurar un núcleo permanente no grupo que permitise intercambiarse sen obstaculizar o proxecto.

Outra muller da parroquia, Ana Amado, que acode regularmente á misa coas súas tres fillas, quixo facerse cargo da preparación da Confirmación, cun grupo de 6 mociñas que inclúe as súas fillas adolescentes.

Decidiuse que íamos utilizar o misal cos textos litúrxicos aprobados pola Conferencia Episcopal Española, que recibiron a *recoñitio* da Santa Sé. Os comentarios e introducións foron realizadas polo P. Joan María Canals. Empezariamos coas homilías publicadas semanalmente por J. A. Pagola, enriquecidas posteriormente con outros textos publicados por Manolo Regal, Fe Adulta, Os Cotos etc. Moitas veces usando anotacións ou adaptacións á realidade da nosa parroquia. Invitouse a participar a quen quixera, colaborando de xeitos diversos, con lecturas, preces...

Lucía Santiago, pese a vivir en Vigo, pola súa querenza e vinculación á parroquia e os seus coñecementos musicais axudounos, entre outras cousas, cos cantos. Mesmo buscou textos nos que inspirarnos, apoiando e aportando suxestións ou comentando outras experiencias.

Dende o primeiro momento, a atención, o respecto e o silencio habituais nas celebracións da parroquia, estiveron presentes. Certo que algunhas persoas deixaron de vir á igrexa, porque non sentían que aquilo fose o mesmo ca unha misa, mais outras, que de inicio pensaban que ían botar algo en falla, descubriron que o Evanxeo e o encontro con Cristo ten lugar en calquera sitio onde dous ou tres se reúnen no seu nome.

Zoraida abriu camiño a outras que fomos detrás continuando as súas pegadas. Pese ás dúbidas e aos atrancos, as celebracións foron para diante e sentimos a presenza do Espírito entre nós animándonos e impulsándonos a seguir. O labor de Zoraida e a súa afouteza

foron inestimables. Algunhas das que no inicio non vían claro o proxecto, foron cambiando de idea a medida que experimentaban que o cura non era indispensable para facer comunidade. Nas xuntanzas que viñeron despois para avaliar o que se estaba a facer, e modificar ou mellorar o que fose preciso, recolléronse sempre boas críticas. En xeral, houbo aceptación ao cambio, o que ata sorprendía a aquelas con máis dúbidas iniciais.

Como o Bispo, Luis Ángel de las Heras, por problemas de saúde, se atopaba fóra naquel tempo, veu nalgũa ocasión á celebración o Vicario Xeral da diocese, Antonio Rodríguez Basanta, ao ser invitado. Situábase sempre entre o pobo fiel e deixaba facer sen afogar coa súa presenza. O feito de compartir connosco esas celebracións, de animarnos e apoiarnos abertamente, foi un estímulo para a freguesía. Quero sinalar que sempre tivo palabras de alento, confirmando o que xa se sabía, que só aquelas parroquias que abran camiños e afronten o incerto futuro xuntos, continuarán vivas. O resto esmorecerá ata desaparecer.

Tivemos tamén unha xuntanza posterior e aberta co Bispo e o Vicario, a onde acudiu quen quixo, pois, a invitación fíxose desde a celebración do domingo, animando á participación. Nela expuxemos como viviamos a situación e o que aprendiamos dela a medida que avanzabamos. Tamén comentamos abertamente o que nos desgustaba. Moitas ansiamos as reformas que hai que levar a cabo no que ten que ver coa liturxia, co papel da muller e co excesivo clericalismo que aínda vivimos dentro da Igrexa, lamentando que falte unha maioría de idade no laicado.

Vou tentar resumir parte do que falamos nesas xuntanzas e nas postas en común, mencionando polo menos aquelas cousas que me parecen máis salientables e pedindo desculpas de antemán aos que non se sintan ben representados. Non é doado expor todo o expresado e manifestado neste período de tempo.

– Zoraida, ademais de ser quen levou de inicio as celebracións, encargouse da catequese e de coordinar e animar o grupo de mulleres de Papoi. Ao longo deses dous cursos traballaron dous

textos: «Cristoloxía para empezar» de J. R. Busto e «*No te olvides de los pobres*» de J. L. Segovia e L. A. Aranguren. Este grupo foi de gran relevancia para introducir e afondar conceptos, sen desprezar que explicarllos aos demais obriga a pensar e fomenta a aprendizaxe. Zoraida adoita dicir que a moveu un espírito de servizo a Deus, á Igrexa e á comunidade. Na celebración da liturxia, cada domingo, atopou a compensación de preparala ao longo da semana. Decatouse como a análise e reflexión detidas do Evanxeo provocaban nela unha profunda transformación na vivencia da fe. Confesa que o eixo fundamental ao redor do que xira a súa vida é o Evanxeo e que despois de tantos anos léndoo e escoitándoo, non tivera a sensación que agora experimenta de captar mellor o seu significado, do que lle di a ela persoalmente. Así foi como esta práctica lle serviu de revisión e auto-coñecemento. Aceptar as dúbidas, tomando conciencia de que é unha muller de fe porque quere tela, mentres segue evolucionando e vai descubriendo que se lle revelan asuntos que para ela eran misterios difíciles de entender. Notar por exemplo a influencia do Espírito Santo, que tanto se lle «resistía» antes. Lembra un domingo de maio, que colleu forzas nas palabras do evanxeo de Xn 10, 27-30: «Vós non credes porque non sodes das miñas ovellas». «As miñas ovellas escoitan a miña voz, e eu coñézoas; elas séguenme e eu doulles a vida eterna». E logo, na homilía de Pagola: «Xesús non forza a ninguén. El soamente chama. A decisión de seguilo depende de nós. Só se escoitamos e o seguimos, establecemos con Xesús esa relación que leva á vida eterna... Nada hai tan decisivo para ser cristián como tomar a decisión de vivir como seguidor ou seguidora de Xesús... Por iso, a fe non consiste primordialmente en crer algo sobre Xesús, senón en crelo a el». Di Zoraida que quere pertencer a esta Igrexa, a pesares dos seus defectos. Reclama o seu papel dentro dela coma muller, e pregúntase nalgúns momentos: Onde están os homes? Cre na colaboración dende dentro para transformala: «moita xente pequena facendo cousas pequenas pode cambiar o mundo».

– Nieves Espiñeira fala sempre de que hai que estar atenta aos signos dos tempos. Esa teima súa fixo que se puxese axiña en marcha tratando de coordinar e ilusionar a todos os que quixeran participar

os domingos nas lecturas, nas preces, nos cantos, nos avisos... Para ela, a celebración da Palabra é o alimento espiritual da semana. Sérvelle de estímulo saber que camiña cunha comunidade como o fixeron os discípulos de Xesús. Sente a Deus no medio de nós e o seu Espírito alentándonos no camiñar. Nieves encargouse de San Pedro de Marmancón, que se nutre dun pequeno grupo de mulleres fieis ao Evanxeo e á misa. Non aforra palabras para expresar a emoción que sentiu levando a celebración con elas. Como confiaron nela entendendo que se abría unha oportunidade e non un obstáculo. Describe a experiencia como iluminadora e pacificadora.

– Ana Solloso conta que trala inseguridade inicial que produce o «facerse cargo de aquilo para o que non sabes se estás preparada», xurdiu coma antídoto a vontade de servizo. Deste xeito, a preocupación polo que vas comunicar e o xeito de facelo dá paso á responsabilidade de transmitir o Evanxeo e como traer aos tempos actuais esa mensaxe que debe interpelarnos, facernos pensar, meditar e cambiar, non só no momento da celebración, tamén despois, tratando de poñelo en práctica e de vivilo no contorno, é dicir, transformando o mundo que nos rodea. A ela axudoulle ter presente como Xesús non escolleu aos máis doutos ou sabios, senón á xente sinxela e humilde. Recoñece que preparar as lecturas e afondar sobre elas lle fixo madurar na fe e descubrir outras dimensións e adquirir coñecementos.

– Xaquín constata que o sucedido na parroquia foi unha graza de Deus á que soubemos responder persoal e comunitariamente con madurez, iniciativa e eclesialidade: «dádellelles vós de comer». Abríndose unha experiencia de fe e esperanza para o futuro do mundo rural. Recoñece que non temos a exclusiva das respostas, que a vida presentóusenos así. Dálle importancia a non ficar parados e pasivos. As formas serían outras noutras circunstancias, mais o importante é dar respostas realistas e evanxelicamente adecuadas. Di que ante a chamada respondemos: Si. De aí a inmensa gratitude que ten con Mandiá e Marmancón, e con todo o grupo de mulleres, homes, nenos e maiores. Valora a grande axuda que foi o Consello Parroquial. Non entende a vida cristiá sen comunidade e

sen comunidades e afirma que foi unha experiencia do Deus conosco. Coma un valor importante, engade a confianza entre todos na Igrexa, así como a aceptación por parte do Bispo. Parécelle clave o seguimento e apoio positivo, próximo e continuo, por parte do Vicario Xeral, sen coutar nunca a resposta do pobo fiel. Ten ben presente cando o Bispo dixo ao final da xuntanza: Non cansedes!

Deixo aquí algunhas das testemuñas e expresións que saíron na xuntanza co Bispo e o Vicario: «a comunidade é coma unha familia que te educa e axuda a medrar», « todos somos instrumentos de Deus», «encontro paz, cariño e a Deus», «sentirse discípula de Cristo», «oportunidade e alternativa de futuro», «sentirse misioneira», «o que se está a facer vívoo como unha experiencia do Espírito que sinto moi preto», «dende dentro e dende a fidelidade, non me resisto a reclamar o papel da muller na Igrexa», «a máis beneficiada de todo isto son eu», «o rural é un valor; o grao de mostaza fermentou en Mandiá coa presenza do Espírito».

Asumir a celebración da Palabra cada domingo significou facernos co-responsables do que ata agora se nos daba feito. Os participantes situámonos así dun xeito diferente dentro da comunidade. Non se trata de escoitar misa, senón de celebrar, participando, compartindo e comungando xuntos. Vivir a celebración como lugar de encontro onde interaccionar uns cos outros, sabernos copartícipes, tomando como modelo á figura de Xesús. Volver á aquelas pequenas comunidades que vivían a súa fe por medio da oración, da escoita da Palabra, do perdón, da sanación, creando unha enerxía vibrante e renovadora en nós. Sen esquecer a nosa identidade. Non somos mellores nin peores ca ninguén.

Como seres humanos corremos o perigo de que os nosos egocentrismos se poñan por diante. Este risco non é novo, pois xa o vimos ao longo do tempo e dende que os apóstolos se preguntaban quen ía ser o primeiro. Que o espírito de servizo sexa o que nos guíe pode apartarnos da tentación de crernos as primeiras, as listas, as que saben. Cada persoa é única e merece respecto como tal, non o deberíamos esquecer se queremos ser coherentes coa fe cristiá e vivila en horizontalidade.



Destacaría a toma de conciencia do papel que as mulleres queremos ter na Igrexa, ocupando espazos reservados ata agora aos homes, sen asumir o longo camiño pola igualdade que se foi percorrendo socialmente e na historia. Concedéndolles todo o valor que merecen polos logros alcanzados ás mulleres consagradas, penso que as novas comunidades terían que ser o máis transversais posibles. Sermos inclusivos e non exclusivos. Todos somos Igrexa. Construír esa Igrexa de periferia da que fala o papa Francisco, con «cheiro a ovella» que debería impregnala.

Esta experiencia pastoral foi posible porque había un gran traballo detrás que viña desenvolvendo Xaquín na parroquia de xeito incansable e desde sempre. Non dubidou nin un segundo en crer que era posible e que se ía conseguir. A conclusión é doada, o laicado ten que implicarse na vida parroquial, facela súa, non só para queixarse. Emporiso, se as figuras eclesiásticas que están detrás non dan espazo e autonomía, non aproveitan o potencial que teñen ao redor, e non ceden en compartir protagonismo co resto dos actores, estas experiencias non se darán.

Xaquín volveu de Madrid. Continuamos coas celebracións da Palabra abertas e participadas. Chegou un virus e cambiounos a vida. O estado de alarma e o confinamento impediron, por un tempo, que nos vísemos cada domingo na igrexa. Pasamos a ter medo e tocou mal acompañar a dor e a morte. Non esquezamos que como pobo de Deus estamos chamados a manter a confianza e a esperanza. Non nos deixemos abater. Hai moita vida agromando ao noso redor e debemos seguir celebrándoa. O futuro depende de nós e do que fagamos. Non cansemos!

**Carme Solloso Blanco**